

DECRETO

Monterrei, 20 de outubro de 2023

LUCIANO RIVERO CUQUEJO
ALCALDE-PRESIDENTE

É necesario levar a cabo a adxudicación da obra "**contratación da adquisición dun vehículo tipo furgoneta media diésel etiqueta C para o Concello de Cualedro, mediante contrato de suministros**", cun investimento de 38.000,00 € (IVE incluído).

Esta obra finánciase con cargo á:

- Subvención concedida pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, mediante resolución do 29 de setembro de 2023, de acordo con o Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation EU, de conformidade co regulamento (Unión Europea núm. 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia)

Polo anterior, no uso das atribucións que me confire o apartado primeiro da D.A. 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, DISPOÑO:

Primeiro.- Que se inicie o oportuno expediente de contratación para a adxudicación de:

SUMINISTRO: Adquisición dun vehículo tipo furgoneta media diésel etiqueta C para o Concello de Cualedro

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: aberto simplificado varios criterios de adxudicación.

TRÁMITE: ordinario.

Segundo.- Que se aprobe o prego de prescricións técnicas e se elabore o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia e que emita o informe correspondente a Secretaría-Intervención.

Así o acordou e asina o alcalde, na data arriba indicada, perante min, o secretario, que dou fe.

O alcalde

O secretario

Luciano Rivero Cuquejo

Paulino Fernández Salgado

* Documento asinado electronicamente á marxe



